

1. Líder

BASKET



2º CUARTO

04:10



22 | 25



CONTINUARÁ?

O derbi da máxima categoría júnior masculina entre Ensino e Estudiantes do pasado xoves viuse aprazado no segundo cuarto, cando se estaba a vivir un partidazo no Anexo, dada a condensación na pista propiciada polo numeroso público asistente. Mañá a FEGABA decidirá si se reanuda ou non o encontro

O derbi da Liga Galega júnior masculina fíxose e faise de rogar

SUSPENDIDO O DUELO ENTRE O ENSINO E O ESTUDIANTES pola condensación no Anexo. Os minutos disputados foron unha oda ao baloncesto. A FEGABA decidirá si se reanuda ou non o partido



Sergio e o celeste Lucas Álvarez saudándose



Sergio protexendo a posesión de costas a Pedro



Diego lanzando a canastra ante Vidal nun lance do xogo

ENSINO		ESTUDIANTES	
22		25	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Eloy		Mikel	
Hugo		Anxo	
Mario		Álvaro	
Cristian		Dani	
Hugo Rey		Cabe	
Sergio		Jorge	
Jorge		Diego	
Carreira		Lucas	
Olloqui		Adri	
Dani López		Carlos	
Sebastian		Pedro	
		Borja	

Ensino e Estudiantes, os dous clubs referentes do baloncesto base lucense, citáronse por primeira vez na historia na máxima categoría do baloncesto júnior masculino, un derbi moi esperado que congregou a máis de 200 persoas no Anexo.

O ambiente e a atmosfera xerada con máis de media hora de antelación era digna de partidos de categorías superiores, sen que ninguén puidese pensar que iría en contra do partido. A deportividade foi exquisita, con afección duns e outros animando, e especialmente polos propios protagonistas sobre a pista.

Aos poucos o Anexo foise caldeando á vez que se quedaba pequeno. canto máis se achegaba a hora de inicio, máis amontoada estaba a xente arredor da pista.

Tralo quencemento o partido empezou e fíxoo ao grande. máxima igualdade e unha oda ao baloncesto no pouco máis de cuarto e medio que se puido disputar antes da suspensión, primeiro parcial e despois definitiva do encontro.

Empezou o Ensino mellor, con máis acerto ante o aro rival, e tomou o mando

"UNA GRAN FIESTA DEL BALONCESTO LUCENSE SIN FINALIZAR"

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

"UNA PENA QUE POR LA SITUACIÓN EN LA QUE SE ENCONTRABA LA PISTA SE TUVIESE QUE SUSPENDER EL ENCUENTRO"

PABLO ABUÍN - Estudiantes

no marcador. Estudiantes estaba ben, pero o aro fíxoselles moi pequeno aos celestes nos minutos iniciais.

Pablo Abuín tivo que deter o ímpetu do Ensino cun tempo morto con 18-10 no marcador ao comezo do segundo cuarto. A partir de aí, con Lucas e Pedro ao mando de operacións, Estudiantes empezou a igualar forzas.

Olloqui dirixiu a sinfonía de Ensino e Dani López ameazaba con ser o francotirador letal desde o tiro exterior.

Os xogadores, pola condensación no Anexo xerada polo ambiente das afeccións, empezaron a esvarar cada vez máis, ata que os colexiados pararon o encontro e tras consultalo cos adestradores decidiron suspender o partido e renovalo unha hora máis tarde no Pazo dos Deportes, pista que estaba sendo utilizada en adestramentos, e ante a imposibilidade de renovalo noutra cancha, o partido suspendeuse definitivamente e agora será a FEGABA a que decida mañá si se renova ou non o derbi máis esperado e máis longo da historia.



Momento no que se acordou a suspensión do encontro



Pedro lanzando a canastra ante Dani López



Jorge a piques de lanzar a canastra ante Eloy

LIGA GALEGA JÚNIOR FEMININA

O DERBI FEMININO DA LIGA GALEGA JÚNIOR DISPUTARASE O VINDEIRO 11 DE DECEMBRO

O encontro que debería medir ao Estudiantes Leyma e ao Durán Maquinaria Ensino esta pasada xornada tamén na Liga Galega júnior feminino non se xogará ata o próximo día 11 de Decembro.

O Durán Maquinaria volverá á competición este próximo domingo ás 17:00 horas ante Basquet Coruña a domicilio, e o Estudiantes Leyma visitará o sábado, a partir das 20:00 horas no Polideportivo Javier Gómez Noya, de Ferrol ao KFC Costa Ártabra.

Estudiantes suma ata a data unha derrota e dúas vitorias, mentres que o Ensino, que tamén ten pendente o partido ante Celta que xogará o 15 de novembro, suma por triunfos os dous encontros disputados ata a data.

Os conxuntos que dirixen Fernán Varela e Miguel López están chamados a ocupar os primeiros postos da clasificación e o derbi poder ser un punto de inflexión para ambos conxuntos, pero teremos que agardar ata o vindeiro mes de decembro para velo.



Carmen Lebreiro coa pelota entre as xogadoras celestes Carla e María Corredoira

O combinado cadete masculino empezouse a perfilar en Marín

CATRO REPRESENTANTES DO BALONCESTO LUCENSE na primeira concentración. Dani, Álvaro e Mikel, do Estudiantes Leyma, e Iker Sama, do Ría de Ribadeo, foron os xogadores citados

Óscar Díaz, adestrador do Tui e da Selección Galega cadete masculina, citou a catro xogadores que compiten en equipos lucenses para a primeira concentración na que se vai perfilando o combinado que representará a Galicia no Campionato de España cadete, que se disputará na primeira semana do 2020 en Huelva.

Iker Sama, do Ría de Ribadeo, acudiu á cita tras superar unha lesión que sufriu no encontro da segunda xornada da Liga Galega cadete ante Basquet Coruña. O xogador mariño é un clásico nas convocatorias e parte unha vez máis con opcións de estar na lista definitiva do próximo campionato.

O resto de convocados son xogadores do Estudiantes Leyma. Dani Gómez, Álvaro Rodríguez

PRESELEC. GALEGA CADETE MASC.	
XOGADOR	CLUB
DANIEL GÓMEZ	CB Estudiantes
ÁLVARO RÍGUEZ	CB Estudiantes
MIKEL DUCUN	CB Estudiantes
IKER SAMA	Ría de Ribadeo
PABLO TRESANDI	Seis do Nadal
YIMER FAILDE	Seis do Nadal
SIMÓN RIVAS	CB Novobasket
MIGUEL GIL	ADM Peleteiro
ANDRÉS OSORIO	Fedesa
P. HARGUINDEY	Fedesa
FRAN FUENTES	Obradoiro CAB
MATÍAS DÍAZ	Obradoiro CAB
BERTHOLD ELUKU	Obradoiro CAB
VÍCTOR CUADRADO	CB Culleredo
MARTÍN IGLESIAS	FC Barcelona
CORPO TÉCNICO	
ÓSCAR DÍAZ	SD Tui
HÉCTOR MÉNDEZ	EB Xiria
ROI VEGA	CB Culleredo



A Selección Galega cadete masculina antes de iniciar un adestramento na concentración que realizaron en Marín

e o debutante con Galicia Mikel Ducun.

Dani e Álvaro son asiduos ás diferentes seleccións galegas polas que foron pasando, mentres

que Mikel aterrizou no baloncesto galego esta tempada da man do Estudiantes Lugo.

Os tres xogadores, en idade cadete, xa dispu-

taron minutos de calidade co equipo júnior que dirixe Pablo Abuín na Liga Galega.

Obradoiro tamén aporta tres xogadores, sendo

con Estudiantes o club que máis achega. Nesta concentración non estivo presente o xogador do FC Barcelona Martín Iglesias, chamado a ser unha das

pezas claves do equipo a falta de que aínda os plan-teis pechen os seus equi-pos e poidan chegar novos seleccionables.

Primeira toma de contacto das seleccións galegas de minibasket

DOCE XOGADORAS E XOGADORES E UN ADESTRADOR representaron ao baloncesto lucense na primeira concentración

As seleccións galegas de minibasket feminino e masculino empezaron a perfilarse este fin de semana na Estrada coa Semana Santa e a localidade gaditana de San Fernando no horizonte, xa que unha vez máis o Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Minibasket celebrárase en Andalucía.

A categoría masculina foi a máis madrugadora, xa que se citou ao longo das xornadas do venres e sábado. Ademais é a que máis representación lucense ten, empezando polo corpo técnico no que, como a tempada pasada, o mariño

Nacho Mota estará presente como delegado. No capítulo de xogadores ata sete estiveron nesta primeira concentración.

Tres de Maristas, o club que máis xogadoras aporta, Mesfín Sánchez, Néstor Viño e Carlos Cabo. Dimas Camiño de Sarria, Álex González de Ribadeo, Juan Fernández de Viveiro e Rubén Carreira de Estudiantes completaron a armada lucense.

A categoría feminina concentrouse ao longo da xornada do pasado domingo, tamén na Estrada. Para esta primeira concentración foron citadas cinco

xogadoras lucenses nunha primeira convocatoria moi ampla que os adestradores dividiron en dous grupos.

Estudiantes é o club con máis representación, tres en total. Carlota Fernández, Valle Reija e Nerea Menor. Zoe Fernández do Ría de Ribadeo e Noa López de Sarria completaron a lista de lucenses.

Por diante moito traballo e adestramentos para perfilar os equipos que representarán ao baloncesto mini galego no próximo Campionato de España que se disputará en San Fernando a próxima Semana Santa.

5

XOGADORAS citadas do baloncesto lucense, tres do Estudiantes, Carlota, Valle e Nerea. Noa de Sarria e Zoe do Ría de Ribadeo

7

XOGADORES E 1 ADESTRADOR na preselección masculina. Nacho Mota no corpo técnico, Mesfín, Néstor e Carlos de Maristas, Dimas do Sarria, Juan do Viveiro, Álex do Ribadeo e Rubén do Estudiantes



Un dos grupos de traballo da Selección feminina



O segundo grupo da Selección feminina na Estrada



A Selección masculina durante un adestramento



As seleccións galegas infantís masculina e feminina á súa chegada a Olmedo para disputar o Ciudad del Caballero, que se celebrou durante o venres e o sábado en Castela e León

Test real de competición para os combinados infantís

AS SELECCIÓNS GALEGAS MASCULINA E FEMININA participaron unha tempada máis no XX Torneo "Ciudad del Caballero" de Olmedo, organizado pola Federación de Castela e León

As seleccións galegas infantil masculina e feminina desprazáronse a Olmedo para disputar o xa tradicional Torneo Ciudad del Caballero, que cada ano serve de preparación para o Campionato de España de Seleccións Autonómicas infantís. Unha cita que esta tempada celebrárase en Huelva do 3 ao 7 de xaneiro do 2020.

Catro xogadores e un adestrador, Javi Peinó, á fronte do combinado infantil masculino representaron ao baloncesto lucense. Na categoría feminina Naracy Rojas, adestradora de Bosco Salesianos, citou ás xogadoras do Estudiantes Aroa Rojas e Laura Martín.

Galicia debutou con derrota ante Ponce CAD o pasado venres con resultado final de 48-57 e disputou o seu segundo encontro o sábado ante Cantabria no seu último test oficial antes de presentarse en Huelva.

Infantil masculino
O combinado galego, con



Julián, Diego Serguei e Javi Peinó posando coa Selección infantil masculina

Javi Peinó á fronte como seleccionador, conta con Julián Longarela de Maristas e Diego Serguei de Estudiantes como representantes lucenses. Como o conxunto feminino, o pasado xoves puxeron rumbo a Castela e León para disputar o Torneo Ciudad del Caballero en Olmedo, que cumpriu a súa vixésima edición de forma consecutiva.

Galicia debutou o venres pola mañá ante CBC Valladolid CAD con derrota, 74-89. Xa na xornada de tarde, impuxéronse a Castela e León por un axustado 66-68 e terminaron a súa participación no

Torneo o sábado cunha derrota ante Cantabria, de novo nun encontro axustado que finalizou con 69-61 no marcador.

Campionato de España
Do 3 ao 7 de xaneiro do 2020 disputárase en Huelva o Nacional de Seleccións Autonómicas. Na categoría infantil feminina a Comunidade de Madrid defenderá o título conseguido no 2019, mentres que Canarias, tras alzarse co campionato infantil masculino, será o rival a bater nesta nova edición na que o baloncesto lucense estará de novo ben representado.



Aroa Rojas e Laura Martín coa Selección Galega infantil feminina

5

LUCENSES formaron parte das seleccións galegas que se desprazaron a Olmedo para disputar o xa tradicional Torneo Ciudad del Caballero. Aroa Rojas e Laura Martín do Estudiantes feminino, Diego Serguei e Javi Peinó do Estudiantes e Julián Longarela do Maristas Lugo

PRESELECCIÓN GALEGA INFANTIL FEMININA	
XOGADORA	CLUB
AROA ROJAS	CB Estudiantes
LAURA MARTÍN	CB Estudiantes
INÉS SOTELO	CD Bosco
CLOE VECINA	CD Bosco
TERESA CABELLO	CD Bosco
SOFÍA COMESAÑA	CD Bosco
UXÍA RODRÍGUEZ	CD Bosco
IRENE FREITAS	CD Bosco
IRIS COMESAÑA	CD Bosco
SARA LABRADA	CD Bosco
NARAO MARTÍNEZ	CB Arxil
IRENE NOYA	AC Cortegada
CLAUDIA LADO	Fedesa
SOFÍA VILLAR	CB Costa Ártabra
CORPO TÉCNICO	
NARACY ROJAS	Bosco Salesianos
SILVIA CAÍÑO	CD Bosco

PRESELECCIÓN GALEGA INFANTIL MASCULINO	
XOGADOR	CLUB
DIEGO SERGUEI	CB Estudiantes
JULIAN LONGARELA	Maristas Lugo
MATEO CAMBÓN	CB Artai
ANDRÉ ROMERO	Basket School
PABLO FUERTES	AD Santiago Apóstol
GALIE TADEO	ADM Peleteiro
ALFIE RIVAS	Obradoiro CAB
LUIS LÓPEZ	Fedesa
NICOLÁS PARADA	CB Peixegalego
PABLO CASAL	CB Peixegalego
GABRIEL TOMÉ	CB Peixegalego
RODRIGO VARELA	Basket Base Club
MARTÍN ÁLVAREZ	ED Ourense
JORGE LORENZO	Porriño BB
CORPO TÉCNICO	
JAVI PEINÓ	CB Estudiantes
SERGIO GONZÁLEZ	CB Seis do Nadal
XOEL FOLGUEIRAS	CB Betanzos

O Academia A Mariña logra o seu primeiro triunfo na competición

O CONXUNTO MARIÑO impúxose a Tirso de Molina a domicilio, mentres que Ensino Lugo sumou o terceiro triunfo consecutivo

CADETE 2ª DIV. FEMININO

RESULTADOS

Ensino Galén - Estudiantes	---
Pontumio - Lourenzá	63-21
Tirso Molina - Burela	34-45
Ensino Lugo - CB Viveiro	72-50
Baxi Ferrol - KFC BBCA	66-43

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
PONTUMIO	3	3	0	0	177	117
ENSINO LUGO	3	3	0	0	144	92
BAXI FERROL	2	2	0	0	129	56
ESTUDIANTES	2	2	0	0	126	89
BURELA	3	1	2	0	148	155
TIRSO DE MOLINA	3	1	2	0	134	141
LOURENZÁ	3	1	2	0	115	154
FRANCISCANOS	2	1	1	0	46	39
CB VIVEIRO	3	0	3	0	147	189
KFC BBCA	2	0	2	0	85	138
ENSINO GALEN	2	0	2	0	41	122

PRÓXIMA XORNADA

BBCA - Ensino Galén
Franciscanos - Baxi Ferrol
Burela - Ensino Lugo
Lourenzá - Tirso Molina
Estudiantes - Pontumio

Á terceira vai a vencia, ou iso foi o que aconteceu

para o Academia A Mariña. O conxunto adestrado por Nacho Mota logrou a primeira vitoria da temporada o domingo, tras impoñerse en Ferrol a Tirso de Molina. O traballo defensivo de todo o equipo foi clave no triunfo, así como a aportación anotadora de Sandra, que se foi ata os 17 puntos. De inicio as burelãs xa conseguiron as primeiras vantaxes, ao finalizar o primeiro cuarto 7-12, mentres que no segundo continuaron ampliando a vantaxe para irse nove arriba ao descanso, 19-28. Tralo paso polos vestiarios as mariñãs, pese a non ter tanto acerto de cara ao aro, non baixaron o ritmo en defensa e Tirso só puido anotar 15 puntos, de aí o definitivo 34-45 co que finalizou o encontro.

No derbi provincial da xornada Ensino Lugo impúxose a Viveiro e segue invicto. As de Aigor Romo foron por diante todo o encontro pero pechárono grazas a un gran último cuarto, no que puideron realizar o seu mellor xogo para sentenciar ata o 72-50.

No partido entre Pontu-

mio e Lourenzá, vitoria local por 63-21. As laurentinas buscarán estrear a conta de vitorias a próxima fin de semana fronte a Tirso de Molina.

Ao peche desta edición estabábase a disputar no Anexo o partido que cerra a xornada entre Ensino Lugo e Estudiantes.



Jimena coa pelota diante de Varela ante a mirada de Ari



A viveirense Ana entre Antia e Carla, de Ensino Lugo



Carme a piques de facer un pase presionada por Carolina



Daniella entra a canastra entre Clara, Helena e Carme

Ensino 04 e Sagrado Corazón son os únicos equipos que seguen invictos



Antón, Sagrado Corazón, botando a pelota ante Joel



Mario presionado por Álvaro e Joel, de Celtas Foz

UN DELES PERDERÁ A SÚA CONDICIÓN a próxima fin de semana, tralo enfrontamento directo que os medirá na pista do Anexo

Nos tres encontros disputados esta xornada Sagrado Corazón e os dous filiais de Ensino sumaron unha nova vitoria na súa conta.

Os ensinistas gañaron a Estudiantes 04 por 70-58 e segue no máis alto da táboa logo de tres xornadas invicto.

mentres que Ensino 05 se impuxo a Estudiantes 05 no outro derbi capitalino por 81-65.

No encontro que mediou no Anexo a Sagrado Corazón e Celtas Foz, segunda vitoria consecutiva para os locais por 81-42.

Dende os primeiros minutos a superioridade física local quedou patente tralo 23-6 do primeiro cuarto. No segundo, o Celtas Foz quitoouse a presión e conseguiu igualar forzas, empatando este parcial 18-18 evitando que Sagrado se fora no marcador, 41-24 ao descanso.

Tralo paso polos vestiarios os de Engroba sentenciaron definitivamente o partido cun parcial de 26-5, mentres que no derradeiro cuarto Celtas Foz foi quen de competir de novo cun 14-13 que deixaba o resultado no definitivo 81-42.

Na próxima xornada volve á competición o Oral Design CB Sarria, que se enfrontará a Ensino 05. O líder, Ensino 04, mediráse a Sagrado

CADETE 2ª DIV. MASCULINO 02

RESULTADOS

Ensino 04 - Estudiantes 04	70-58
Ensino 05 - Estudiantes 05	81-65
Sagrado - CB Celtas Foz	81-42

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO 04	3	3	0	0	214	176
ENSINO LUGO 05	3	2	1	0	215	183
A. X. SAGRADO	2	2	0	0	149	107
DESIGN C.B. SARRIA	2	1	1	0	158	109
CB CELTAS FOZ	3	0	3	0	146	220
ESTUDIANTES 04	2	0	2	0	93	164
ESTUDIANTES 05	1	0	1	0	65	81

PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - Ensino 04
Estudiantes 05 - Celtas Foz
Design Sarria - Ensino 05

Corazón na loita polo primeiro posto, mentres que Estu 05 xogará contra Celtas Foz.



Pablo baixo o aro entre os mariñaos Gaizka e Hugo

Viveiro levouse o partido máis igualado

AS MARIÑÁS SUMAN o primeiro triunfo ante Cidade nunha xornada na que tamén gañaron Saneamientos Sarria e o líder, Ensino 06

INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01

RESULTADOS

B. Ferrol R - Ensino Galén **59-36**
 KFC BBKA - Baxi Ferrol S **31-62**
 Franciscanos - Ensino 06 **34-78**
 CB Viveiro - Cidade Lugo **54-48**
 Stos. Sarria - Agrasar Sarria **57-39**

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO 06	2	2	0	0	161	80
STOS. C.B. SARRIA	2	2	0	0	114	45
BAXI FERROL S	2	2	0	0	128	65
BAXI FERROL R	2	1	1	0	93	102
CB VIVEIRO	2	1	1	0	58	102
CIDADE DE LUGO	2	1	1	0	101	93
PONTUMIO	1	1	0	0	54	4
FRANCISCANOS	2	0	2	0	73	131
KFC BBKA	2	0	2	0	77	145
ENSINO GALÉN	2	0	2	0	42	116
AGRASAR SARRIA	1	0	1	0	39	57

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Agrasar Sarria
 Pontumio - Stos. Sarria
 Ensino 06 - CB Viveiro
 Baxi Ferrol S - Franciscanos
 Baxi Ferrol R - KFC BBKA

Ensino 06 e Saneamientos Sarria son os úni-

cos representantes lucenses que seguen invictos con dous triunfos nas dúas xornadas disputadas, ao igual que Baxi Ferrol S.

As Ensinistas sumaron a segunda vitoria ao impoñerse a Franciscanos por 34-78, mentres que Saneamientos levouse o derbi do Novo Chanto fronte a Castro Agrasar por 57-38.

O triunfo de Viveiro por 54-48 fronte a Cidade foi o primeiro para as mariñas, que a próxima fin de semana terán o reto de romper a condición de invicto de Ensino 06.

Tamén na seguinte xornada, Castro Agrasar CB Sarria ou Ensino Galén poderán estreir a súa conta de vitorias tralo duelo directo entre



Adán facendo unha entrada a canastra ante Gema

ambos conxuntos. As de Amir Taboada caeron por 59-36 ante Baxi Ferrol R, nun partido no que, pese á derrota, foron quen de competir ao longo de toda a primeira parte para chegar ao descanso 23-22.

Tralo intermedio Baxi Ferrol R deu un paso

adiante e deixou o encontro practicamente visto para sentenza cun parcial de 20-4. Pese a iso, as ensinistas non lle perdonaron a cara ao encontro e competiron os últimos dez minutos, dando así un paso adiante de cara ás próximas xornadas.



Carla, Ensino, avanza coa pelota por diante de Paula



Idaira correndo un contraataque seguida de Gema



Ainhoa lanzando entre Amparo e Isa, de Franciscanos



Brais, CB Viveiro, coa pelota presionado por Samuel



Jorge, Sagrado, botando ante a defensa de Pablo



Rubén coa pelota nun contraataque ante Gabriel

Os tres equipos de arriba continúan sen dar opcións

CB RIBADEO, CIDADE E FRANCISCANOS manteñen a súa condición de invictos tras gañar os seus respectivos encontros da fin de semana



O mariño Nicanor coa pelota entre Néstor e Yishak

A terceira xornada da competición deixou triunfos dos tres primeiros clasificados, o segundo de Sagrado Corazón e o primeiro de Ensino Galén, que se impuxo a Estudiantes no partido máis igualado da xornada por 52-55. Os de Amir estrearon a súa conta de vitorias nun encontro que se foi ata a prórroga.

Sagrado Corazón gañou contra Carferlo Viveiro nun partido no que a superioridade física dos de Engróba foi clave, pechándose o marcador no terceiro parcial co definitivo 56-5.

no que souberon controlar mellor as emocións e tiveron un maior acerto no tiro exterior para levarse o triunfo por 52-55.

Sagrado Corazón gañou contra Carferlo Viveiro nun partido no que a superioridade física dos de Engróba foi clave, pechándose o marcador no terceiro parcial co definitivo 56-5.

INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01

RESULTADOS

Sagrado - CB Viveiro **56-6**
 MGR Sarria - Ria Ribadeo **16-67**
 Franciscanos - IF Sarria **67-62**
 Cidade - Burela **51-47**
 Estudiantes - Ensino Galén **52-55**

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB RIA DE RIBADEO	3	3	0	0	189	74
CIDADE DE LUGO	3	3	0	0	164	77
FRANCISCANOS	3	3	0	0	198	140
A. X. SAGRADO	3	2	1	0	154	66
IF C.B. SARRIA	3	2	1	0	181	113
BURELA	3	1	2	0	186	143
ENSINO GALÉN	3	1	2	0	75	173
ESTUDIANTES	3	0	3	0	81	167
MGR C.B. SARRIA	3	0	3	0	62	192
CB VIVEIRO	3	0	3	0	46	191

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Galén - Sagrado
 Burela - Estudiantes
 IF Sarria - Cidade Lugo
 Ria Ribadeo - Franciscanos
 CB Viveiro - MGR Sarria

ticamente sentenciado tras un primeiro cuarto de moita intensidade que finalizou 2-37. A partir de aí o partido baixou o ritmo e MGR puido anotar para maquillar un pouco o marcador. Tralo paso polos vestiarios, un parcial de 0-10 pechaba o encontro co definitivo 16-67 a favor de Ribadeo.

Cidade sumou o seu terceiro triunfo contra Academia A Mariña por 51-47. Tras un primeiro cuarto no que os de Manolo Cobas foron mellores, os capitalinos despregaron o seu mellor xogo nos dous seguintes parciais. Os mariños reaccionaron no último cuarto, pero non foi suficiente.

Tres de tres tamén para Franciscanos, que superou a Podología Sarria grazas a unha gran primeira parte. Os capitalinos midense a próxima fin de semana a CB Ribadeo.

O encontro que media a MGR Sarria e CB Ribadeo pechouse tamén no terceiro cuarto. Os mariños lideran a competición cun mellor basketaverage, deixaron o encontro prac-

Fútbol sala

Copa Sénior Feminina e Masculina

FSF CASTRO E VILALBA FS ALZÁRONSE COS TÍTULOS NO PAVILLÓN DE NOVO CHANTO
nas súas respectivas finais que se disputaron o pasado venres no Pavillón sarriao

Fútbol Sala Feminino Castro na categoría feminina, e Valdesuso Peugeot Vilalba Fútbol Sala na categoría masculina proclamáronse este venres campións da II Copa Deputación de Fútbol Sala tras a disputa da fase final do torneo no Pavillón de Novo Chanto, en Sarria.

O vicepresidente e responsable do fútbol sala na Real Federación Galega de Fútbol, Pablo Prieto, o vicepresidente na provincia de Lugo da RFGF, Carlos Méndez, e o deputado provincial de Deportes, Efrén Castro, entregaron os trofeos ás campioas e campións do torneo que se disputou ao longo da xornada no Pavillón de Sarria e no Pavillón José M. González "O Chanto", con catro equipos femininos e catro masculinos en liza e unhas gradas ategadas de público para presenciar o desenlace final dos dous torneos do KO.

O partido máis vibrante da xornada foi a final feminina, un emocionante encontro de rivalidade comarcal entre Vilalba FS e FSF Castro que se resolveu na prórroga (2-3) tras o 2-2 ao final do tempo regulamentario.

Semifinais masculinas

O primeiro finalista decidiu dende o punto de penaltis logo de que o partido entre CD Lugo Sala e Concello de Begonte FS rematase con empate a catro goles, clasificándose para disputala gran final o Concello de Begonte tras impoñerse na lotería dos penaltis en Novo Chanto.

Na segunda semifinal o Valdesuso Peugeot Vilalba tamén se impuxo contra prognóstico ao Xove Fútbol sala, tras un vibrante encontro se decidiu pola mínima tras impoñerse os mariñaos aos chaireiros por dous goles a tres.

Final masculina

O Valdesuso Peugeot Vilalba FS impúxose na ronda final ao Concello de Begonte FS nun encontro que os vilalbeses sentenciaron na primeira parte. Aos sete minutos chegou o cero a un en propia porta, mentres que Asier e Xoel levaron o marcador ata o cero a tres antes do descanso. Na segunda parte Aitor fixo o cero a catro e Brais, para o Begonte, pechou o marcador co definitivo un a catro.



Semifinais femininas

A xogadora chairega do Vilalba FS decidiu cun solitario gol a semifinal que as mediu co Lieders Fútsal capitalino, asegurándose deste xeito un posto na gran final na que se mediron co favorito, o Fútbol Sala Feminino Castro Bloques Cando.

A igualdade reinou na segunda semifinal durante a primeira parte ante Pizzeria Bahía de Monterroso. Andrea e Verónica levaron o marcador ata o dous a cero ao descanso, pero na segunda parte o Castro, de novo por medio de Andrea e Verónica, puxeron terra de por medio nos primeiros minutos e sentenciaron o pase á final con dous novos goles nun encontro que rematou con oito a cero.

Final feminina

O duelo chairego na final entre Vilalba e Castro tivo un nome propio, o de Verónica, autora dun hat trick co que o Castro se impuxo, tras remontar en dúas ocasións ao Vilalba. Paula fixo o un a cero no primeiro minuto, Verónica o empate a un e antes do descanso Antia o dous a un para o Vilalba. Xa na segunda parte Verónica, con dous goles, rematou coa resistencia do Vilalba e guiou ao Castro cara o título.

